

## **1. MESTRES QUE PARTICIPARON NESTE GRUPO DE TRABALLO**

Os mestres que participaron neste grupo de traballo foron:

- Boquete Bermúdez, José Manuel
- Cid Fernández, Concepción
- Jorge Martín, M<sup>a</sup> del Carmen
- Neira Martínez, Silvia
- Pablo Torreiro, Beatriz
- Pena Sánchez, Iván
- Ramallo Morales, M<sup>a</sup> Isabel
- Rodríguez Rey, M<sup>a</sup> Pilar
- Sabell Sierra, Rosa

### **COORDINADORA**

- Pablo Torreiro, Beatriz

### **SEDE**

Centro: CRA de Culleredo

Enderezo: A Choeira s/n

Localidade: Almeiras

CP: 15180

Concello: Culleredo.

## **2. ANALISE DO CONTEXTO ONDE SE DESENVOLVEU O GRUPO**

O CRA de Culleredo é un centro rural único e exclusivamente de Educación Infantil (EI), agrupa ás escolas de A Choeira, Ledoño, Sésamo e Vinseira. Creouse no curso 2005/2006 e as súas 5 unidades espállanse por distintas parroquias do Concello. Temos un total de 84 alumnos/as repartidos nos 3 niveis de Educación Infantil (A Choeira ten dúas unidades con 34 nenos e nenas, Ledoño 15, Sésamo 21 e Vinseira 14).

O centro conta con 11 mestres: 6 mestres de EI, un mestre de Educación Física, unha mestra de Lingua Estranxeira, unha mestra de Audición e Linguaxe, unha mestra de Educación Musical e unha mestra itinerante de Relixión.

Ao se tratar dun CRA, os recursos humanos e os materiais están dispersos polas distintas unidades.

Este grupo de traballo xurdiu co obxectivo de formarse e aprender conxuntamente desenvolvendo un traballo colaborativo, que sen lugar a dúbidas enriquecerá a todo o profesorado contribuíndo á mellora e crecemento profesional e persoal. O compromiso de formación continua e actualización profesional que se está a desenvolver no noso centro, queda de manifesto nunha traxectoria formativa plasmada na realización de formación en cursos anteriores.

### **3. XUSTIFICACIÓN DAS VARIACIONES INTRODUCIDAS CON RESPECTO AO PROXECTO INICIAL**

A temporalización preestablecida no inicio do proxecto respetouse maioritariamente.

### **4. OBXECTIVOS ACADADOS.**

Os obxectivos detallados deseguido teñen carácter xeral:

- Diseñar, elaborar e experimentar actividades didácticas e materiais de aula para traballar co alumnado do centro
- Integrar no currículo as últimas achegas, descubrimentos e investigación en relación coas novas metodoloxías didácticas e ferramentas TIC
- Diseñar estratexias que permitan traballar a lóxica-matemática dende unha perspectiva construtivista
- Compartir experiencias de traballo lóxico-matemático dende un enfoque construtivista e de traballo por proxectos
- Afondar no coñecemento das características do pensamento infantil e na repercusión do enfoque construtivista no achegamento á consecución da competencia matemática
- Elaborar materiais de lóxica matemática para traballar co noso alumnado

## **5. CONTIDOS**

- A competencia matemática. O pensamento lóxico-matemático e a súa aplicación no contorno
- Experiencias de traballo sobre lóxica matemática
- Materiais para a posta en práctica na aula: xogos de lóxica-matemática.

## **6. PROGRAMA DE ACTIVIDADES**

- I. Revisión bibliográfica e posta en común.
- II. Sesións de docencia con expertos.
- III. Creación e coordinación de grupos de discusión.
- IV. Creación de xogos e documentación dos traballos e actividades levadas a cabo.

## 7. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

- Crear materiais didácticos para a pizarra dixital
- Iniciarse no coñecemento das bases psicopedagóxicas que fundamentan os proxectos
- Diseñar e aplicar na aula actividades e materiais de lóxica matemática
- O uso de actividades dixitais para a adquisición dos distintos aspectos recollidos no currículo
- A posta en práctica de pequenos proxectos favorece a adquisición dos distintos aspectos recollidos no currículo
- Emprego dentro da aula dos materiais de lóxica matemática elaborados

O punto de partida deste grupo de traballo, levouse a cabo a través dunha avaliación inicial, na que pretendiamos valorar os nosos coñecementos e as necesidades acerca do tema e unificar criterios para o desenvolvemento do noso traballo.

Así mesmo, a avaliación, tamén foi continua e formativa cunha posta en común das diferentes experiencias ( actividades nas aulas, bibliografía consultada, asesoramento do CEFORE...) nas que nos vimos envoltas e nas reunións celebradas.

Por outra banda, cabe lembrar que grazas á avaliación analizamos: a consecución dos obxectivos propostos, a adecuación das actividades e experiencias levadas a cabo na aula, a optimización de recursos, a nosa actuación docente, a información obtida a

través de bibliografía e ponencias, e por suposto o enriquecemento dos coñecementos dos nenos/as.

A metodoloxía empregada implicou no tema a todos os membros do grupo, aportando cada un a súa opinión e tomando acordos conxuntos.

Para levar a cabo a avaliación da actividade elaborouse un cuestionario (figura nos materiais adxuntos) que foi cumprimentado por todos os participantes do grupo. Á vista dos resultados pódese concluir que o 75% dos participantes valoraron como moi bos todos os aspectos relacionados co grupo de traballo. O 25% restante valoraos como bos.

A nivel xeral, o que máis gustou a todos os participantes, foi a elaboración dos materiais e as ideas e experiencias aportadas polas formadoras. Ademáis, do feito de traballar de forma cooperativa cos compañeiros e compañeiras.

Mentres que o que menos gustou foi o horario, que nalgúns casos pareceu agobiante.

Como conclusión, podemos afirmar que a avaliación de todos os aspectos foi moi positiva, xa que houbo unha grande implicación de toda a comunidade de aprendizaxe e aportou unha serie de coñecementos que axudan a mellorar e desenvolver a práctica docente.

## 8.- CONCLUSIÓNS

A experiencia do grupo de traballo foi moi positiva.

A participación no grupo de traballo permitiunos profundizar nunha serie de aspectos ligados co ensino-aprendizaxe.

Os logros máis destacados foron:

- A boa participación da comunidade educativa.
- A magnífica acollida das distintas actividades por parte do alumnado.
- A creación de materiais propios para o traballo da lóxica-matemática, adaptados á realidade das nosas aulas.
- O enriquecemento pedagóxico de todos os participantes.
- Deunos a oportunidade de coñecer distintas formas de traballar no campo da lóxica-matemática.
- A oportunidade de traballar dun xeito cooperativo cos compañeiros e compañeiras.

## 9.- ACTIVIDADES

Dentro do grupo de traballo leváronse a cabo distintas actividades.

A primeira delas xurdiu para conmemorar o Día da Paz. Nesta ocasión seleccionouse un conto que leva por título “A guerra dos números” da editorial OQO co que se realizou un contacontos que se engloba dentro doutro proxecto levado a cabo no centro, o CONTICRA.





Despois do contacontos falouse sobre o conto en cada aula e realizáronse distintas actividades para a posterior decoración da porta da aula.





Outra das actividades levadas a cabo foi a elaboración dun conto no que se traballa a serie numérica basándonos e adaptando o libro “Un cabaliño de mar soño” da editorial Linteo. O noso leva por título “Boston, un cabaliño de mar”. Deste xeito traballamos a serie numérica relacionandoa co tema central do noso proxecto anual, que é o mar. E as personaxes que van aparecendo para acompañar a Boston son os animais mariños sobre os que se están a traballar nas aulas. Deste xeito a actividade resulta máis significativa para o alumnado.



Tamén traballamos as formas xeométricas a través do TANGRAM.  
Analizamos a as formas xeométricas que o compoñen.



Deseguido vimos as distintas posibilidades creativas que nos ofrecen. E por último reflexionaron e desenvolveron a súa imaxinación e creatividade elaborando as súas propias creacións coas distintas pezas que compoñen o TANGRAM.



Cando chegou o Entroido, para o festival, acordamos elaborar un Bingo onde se traballasen a serie numérica e os animais do mar que estábamos a ver. Deste xeito foi un dos xogos que fixemos no festival do Entroido.



E despois foi rotando polas distintas clases semanalmente.





Outra das actividades levadas a cabo foi a creación dentro de cada aula dun recanto específico adicado á lóxica- matemática. Nel recollense os materiais que cada aula posúe para o traballo da mesma e ademáis decidiuse comprar xogos para cada aula: xogos de dados, parchís, oca,.....



E xa por último, elaboramos xogos que rotarán polas distintas aulas, todos eles relacionados coa lóxica-matemática e co noso proxecto do mar. Estes foron:

- Twister



- Memori




- Dominó



- Hexágonos do mar



- O tres en raia



- Geoplano



- Máquina das sumas






- Oca




- Xogo de dados



- Ordenamos números



- Xogos para a PDI: xogos matemáticos e TRIVICRA  
(Estes xogos están na Aula Aberta do CRA de Culleredo  
<http://www.edu.xunta.es/centros/craculleredo/aulavirtual/courses/view.php?id=13>)





10.- Anexo.

A presente memoria pode ser consultada na Aula Aberta do CRA de Culleredo.

<http://www.edu.xunta.es/centros/craculleredo/aulavirtual/course/view.php?id=13>

CRA CULLEREDO